

I.E.S. do Castro



Proxecto Educativo de Centro

Aprobado polo Claustro na reunión do día 24 de setembro de 1999 e polo Consello Escolar na reunión do día 27 de setembro de 1999. Inclúe as modificacións aprobadas polo Claustro en reunións de 16 de xaneiro e 6 de maio de 2002, e Consello Escolar en reunión de >>>26 de xuño de 2002).

I. CONTEXTO

II. INSTALACIÓNS E DOTACIÓNS

III. OFERTA EDUCATIVA

IV. SINAIS DE IDENTIDADE

V. OBXECTIVOS

VI. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

VII. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

I. CONTEXTO

1. Reseña histórica:

O Instituto naceu para atender a gran demanda de prazas de ensino medio no centro da cidade de Vigo debido ao incremento da poboación nas décadas '70 e '80.

Comezou a funcionar no curso 1991/92 no I.B. República Oriental do Uruguai, en réxime de tarde, mentres se construía o edificio na aba oeste do monte do Castro. Trasládouse á nova edificación no ano 1993 cos problemas derivados dun contorno aínda sen urbanizar.

Acolle alumnado de procedencia urbana que vive nas rúas próximas ao Instituto entre Beiramar e a Gran Vía.

No curso 1996-97 inicia a súa escolarización no centro o alumnado do primeiro ciclo da ESO e gradúase a 1ª promoción do Bacharelato-Loxse.

2. Alumnado:

A maioría procede do Colexio de Educación Primaria adscrito *Dr. Fleming* e sempre viviu en Vigo. Fóra de Galicia viviu un 13% e un 5% viviu no estranxeiro.

Maioritariamente utilizan o castelán para comunicarse, aínda que a metade declara que lle gustaría relacionarse en galego ou en galego e castelán.

Segundo o alumnado, o profesorado podería realizar máis actividades para crear interese polas diferentes materias, máis tarefas de repaso e graduadas de acordo cos niveis de aprendizaxe.

O traballo en grupo e a intervención do alumnado na clase dáse máis na ESO (33%) que no Bacharelato (5%).

Entre os materiais usados destaca o libro de texto na ESO e os confeccionados polo profesorado no Bacharelato. Os medios audiovisuais úsanse moi poucas veces.

A maioría do alumnado di entender as actividades propostas. Sen embargo a terceira parte asiste a clases complementarias.

No tempo libre ven a televisión, escoitan música e fan deporte. Mercan videoxogos e discos e saen en grupos mixtos. O alumnado de Bacharelato e do 2º ciclo da ESO adoita consumir alcohol, nunha porcentaxe relevante, nas fins de semana e nos momentos de ocio. A maioría non fuma.

En xeral non están asociados, excepto unha pequena porcentaxe que pertence a clubs deportivos.

3. Profesorado:

O claustro está formado por unha maioría de profesores e profesoras estables no centro e cunha ampla experiencia docente. A lingua predominante é o castelán tanto nas clases como nos materiais empregados.

Declaran ter un alto grao de satisfacción persoal co traballo realizado e perciben boas relacións entre todos os sectores do Instituto.

Respecto ao funcionamento do centro pensan que debe mellorar a Comisión de Coordinación Pedagóxica, os Departamentos e as Xuntas de avaliación.

Unha maioría cre que, debido á importancia das titorías, debe dedicárselles máis horas de atención.

Consideran entre as causas das malas cualificacións do alumnado a falta de motivación e de hábitos de estudo.

Destacan a importancia dos tres tipos de contidos, especialmente a actitude. Tamén se valoran todos os temas transversais, principalmente a educación para a paz e a tolerancia.

Están bastante de acordo cos criterios de avaliación na ESO.

Para manter a orde na clase utilizan, preferentemente, amoestacións e reforzos positivos e, en menor medida, a expulsión.

4. Familias:

Case a metade dos pais e nais posúen estudos primarios repartíndose o resto entre estudos medios e superiores.

Existe un 22% de familias monoparentais. Na maioría destes casos a nai é a titora.

A lingua utilizada entre os pais e cos fillos é, preferentemente, o castelán. A incidencia do paro é baixa en relación coa taxa de paro estatal. Fóra da casa traballan case a metade das mulleres.

A maioría di ler o xornal habitualmente, a metade, libros e dúas terceiras partes asisten a algunha actividade cultural.

Unha gran parte entrevistase co titor ou titora unha ou dúas veces no curso, pero un 20% non vén nunca polo centro.

Conceden similar importancia aos catro aspectos educativos polos que se lles pregunta: solidariedade, coñecementos, cualificacións e disciplina.

A metade di ter unha boa opinión dos profesores e profesoras e o grao de aceptación do Instituto é satisfactorio.

II. INSTALACIÓNS E DOTACIÓNS

O Centro ten planta en T e dúas alturas. No recinto exterior está o ximnasio e unha pista deportiva. O instituto conta con 24 aulas de uso común e as seguintes aulas específicas:

- * *Aula de Artes Plásticas.*
- * *Aula de Música*
- * *Aula de Tecnoloxía-ESO*
- * *Aula de Tecnoloxía-Bacharelato*
- * *Aula de Idiomas*
- * *Aula de Informática*
- * *Aula de apoio*

A esta infraestrutura hai que engadir:

- * *Laboratorio de Física*
- * *Laboratorio de Química*
- * *Laboratorio de Ciencias*

Unha *Biblioteca* cuns 6.000 volumes e publicacións diversas e unha *Sala de Conferencias* completan as dependencias educativas.

O Instituto dispón dun ascensor e de ramplas de acceso. Tamén conta con baño e aseo adaptado para minusválidos/as físicos/as con mesa-camiña. Existe un teléfono accesible para persoas en cadeiras de rodas.

III. OFERTA EDUCATIVA

No centro impártese a EDUCACIÓN SECUNDARIA xurdida da Reforma Educativa do ano 1990: *Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Secundaria Posobrigatoria (Bacharelato)*.

A actividade lectiva desenvólvese de luns a venres, en horario de 09.00 a 14.30 horas cando non hai clase pola tarde e de 09.00 a 13.40 horas cando hai clase pola tarde. O alumnado do Segundo Ciclo de ESO e o de Bacharelato ten dúas sesións en dúas tardes, de 16.00 a 17.40 horas, e o do primeiro Ciclo dúas sesións nunha tarde.

As clases son de 50 minutos e polas mañás hai un descanso de trinta minutos despois da terceira sesión. Están incorporados os alumnos/as do 1º ciclo da ESO que proceden do Colexio de Educación Primaria *Dr. Fleming* adscrito ao Instituto.

O número de alumnos e alumnas do instituto é de 700. As distintas materias son impartidas por 60 profesores/as.

O centro conta con 24 unidades:

3	para 1º da ESO
3	para 2º da ESO
4	para 3º da ESO
4	para 4º da ESO
5	para 1º de Bacharelato
5	para 2º de Bacharelato

A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) abarca catro cursos académicos, entre os doce e os dezaseis anos de idade. Ten como finalidades fundamentais transmitir a todo o alumnado os elementos básicos da cultura e preparalos para a vida activa e/ou para acceder á Formación Profesional específica de Grao Medio e/ou ao Bacharelato.

O título obtido ao superar a Educación Secundaria Obrigatoria é o de Graduado/a en Educación Secundaria e faculta para o acceso á Formación Profesional de Grao Medio ou ao Bacharelato.

Materias Optativas:

1º Ciclo ESO:

- 2ª lingua estranxeira, Francés (Optativa preferente)
- Obradoiro de Comunicación Oral
- Obradoiro de Matemáticas

3º ESO:

- 2ª lingua estranxeira, Francés
- Cultura Clásica
- Iniciación á Tecnoloxía Informática
- Ciencias Medioambientais e da Saúde

4º ESO:

- 2ª lingua estranxeira, Francés
- Cultura Clásica
- Iniciación á Tecnoloxía Informática
- Técnicas de Expresión Escrita

A Educación Secundaria Postobrigatoria ou Bacharelato comprende dous cursos académicos e ten como finalidade a formación xeral do alumnado, así como a súa orientación e preparación para estudos superiores, tanto universitarios como de Formación Profesional específica. Para acceder ao

Bacharelato é necesario estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria. O alumnado pode escoller entre tres modalidades de Bacharelato: Bacharelato de Ciencias da Natureza e da Saúde, Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e Bacharelato de Tecnoloxía. No segundo curso de bacharelato diversifícanse, a veces, en dous itinerarios por cada modalidade.

1º BACHARELATO

MODALIDADES DE BACHARELATO	CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE	TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
			A: HUMANIDADES	B: CIENCIAS SOCIAIS
MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE	Matemáticas I Física e Química Biología e Xeoloxía	Matemáticas I Física e Química Tecnoloxía Industrial I	Hº Mundo Contemporáneo Latín I Grego I	Hº Mundo Contemporáneo Matemáticas Aplicadas I Economía
MATERIAS OPTATIVAS	Francés I Música I Tecnoloxía Industrial I Economía	Francés I Música I Debuxo Técnico Economía	Francés I Música I Literatura Universal Ética e Filosofía do Dereito Matemáticas Aplicadas I	Francés I Música I Literatura Universal Ética e Filosofía do Dereito Latín I

2ª BACHARELATO

MODALIDADES DE BACHARELATO	CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE		TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
	A: NATUREZA	B: SAÚDE		A: HUMANIDADES	B: CIENCIAS SOCIAIS
MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE	Matemáticas II Física Debuxo Técnico ou Biología	Química Biología Ciencias da Terra e do Medioambiente	Matemáticas II Física Debuxo Técnico	Latín II Hº da Filosofía Hº da Arte	Matemáticas aplicadas ás CC.SS. II Economía e Organ. de Empresas Xeografía
MATERIAS OPTATIVAS	Química Xeoloxía Francés II Música II Mét. Estat. e Numéricos Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía	Matemáticas II Física Francés II Música II Mét. Estat. e Numéricos Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía	Electrotecnia Tecn. Industrial II Francés II Música II Mét. Estat. E Numéricos Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía Química	Grego II Lit. Hispánicas Francés II Música II Lit. Galega s. XX Hº e Xeog. de Galicia Intr. ás CC. Políticas e Socioloxía	Intr. ás CC. Políticas e Socioloxía Hº e Xeog. de Galicia Lit. Hispánicas Francés II Música II Lit. Galega s. XX Hº da Arte

IV. SINAIS DE IDENTIDADE

1. MODELO DE XESTIÓN

O centro promove unha xestión participativa e democrática. Isto implica que todos os sectores que o compoñen (profesorado, alumnado, pais, nais, persoal non docente) colaboren dunha maneira real e

efectiva no seu funcionamento a través da súa participación nos diferentes órganos de xestión. Foméntanse as asociacións do alumnado, as relacións coas institucións do contorno e as actividades de formación do profesorado.

2. ASPECTOS INSTITUCIONAIS

O centro aspira a educar ao alumnado como cidadáns/ás de plenos dereitos nunha sociedade plural e democrática, cunha dimensión europea e internacional, para o cal promove a participación en diversos tipos de proxectos educativos e intercambios que propicien o coñecemento mutuo, a creación dunha conciencia europea e internacional, como sólida base de tolerancia.

3. CONVIVENCIA E VALORES DEMOCRÁTICOS

A educación e convivencia no noso centro desenvólvese nun marco de tolerancia, solidariedade e respecto mutuo.

Ninguén é discriminado por razón da súa procedencia, relixión, opinión, etnia ou nivel económico e propíciense actitudes compensadoras de realidades socioculturais diferentes.

As medidas de prevención e tratamento dos conflitos teñen sempre un carácter educativo e recuperador.

4. A CONFESIONALIDADE

O noso centro declárase aconfesional e, por tanto, non se adscribe a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, sendo respectuoso con todas as crenzas.

5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Foméntase a normalización da lingua galega como lingua vehicular, creando un ambiente favorable á súa utilización por parte de toda a comunidade educativa, e propiciando o seu uso nas diferentes áreas e niveis. Promóvese a desaparición de prexuízos, e motívase a creación de actitudes positivas cara ela.

6. COEDUCACIÓN

O centro comprométese coa coeducación. O profesorado tentará en todo momento educar para a igualdade, modificando as actitudes discriminatorias por razón de sexo por medio dunha pedagogía efectiva, evitando linguaxe sexista e condutas que fomenten os roles tradicionais atribuídos ao home e á muller.

7. EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA

Foméntase no noso centro unha educación efectiva en valores, como a tolerancia, os comportamentos non discriminatorios e a paz como actitudes básicas para a convivencia, creando unha conciencia que se asente neles.

8. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O noso centro mantén unha permanente atención á educación para a saúde, fomentando os hábitos que redunden na calidade de vida da persoa, prestando especial atención a unha educación vial

elemental, ó coñecemento da sexualidade como parte dunha educación integral, e informando dos perigos do consumo de tabaco e alcohol.

9. DESENVOLVEMENTO E MEDIO AMBIENTE

O centro promove un ensino que fomente un sentimento de responsabilidade cun desenvolvemento que preserve os recursos materiais na actualidade e para as xeracións futuras e sexa xusto e equitativo a nivel mundial, tendo en conta a interrelación económico-ecolóxica e político-social.

10. METODOLOXÍA

Foméntase o ensino-aprendizaxe como un proceso activo e participativo que potencie a investigación e a autoaprendizaxe nun contorno de cooperación e traballo en equipo para desenvolver a capacidade de análise crítica da realidade e fomentar o desenvolvemento integral como persoas.

A función do profesorado é, sobre todo, a de axente motivador e estimulador do proceso educativo e non só como mero transmisor de coñecementos.

11. AVALIACIÓN

Poténciase unha avaliación continua, formativa e reguladora entendida como instrumento educativo que informa e fai unha valoración do proceso de aprendizaxe que seguen os/as alumnos/as, e non só dos resultados académicos. Ten como obxectivo que o/a profesor/a poida ofrecer en todo momento as propostas e medidas máis axeitadas para desenvolver as capacidades dos estudantes. Contempla a diversidade do alumnado, busca a motivación e potencia a autoavaliación.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE - INTEGRACIÓN

O centro asegura a atención á diversidade de alumnos/as con distintas capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe e favorece a integración de alumnos/as con determinadas minusvalías, adoptando en cada momento o conxunto de medidas curriculares e organizativas necesarias (formación psicopedagóxica do profesorado, eliminación de barreiras arquitectónicas, apoios específicos...) para establecer as respostas educativas máis axeitadas a dita pluralidade.

13. ORIENTACIÓN

O centro potencia unha orientación educativa entendida como proceso de axuda que comprenda unha acción tutorial que garanta a prevención das dificultades de aprendizaxe, unha atención individualizada, que axude ao alumno a tomar decisións académicas e profesionais, a integración e participación dos alumnos/as na vida do centro, unha participación e relación fluída coas familias e a implicación e coordinación de todo o equipo docente nesta tarefa.

14. TITORÍA

O centro desenvolve a titoría nun sentido amplo que afecte a toda a acción educativa coa responsabilidade de todos os profesores/as no compromiso de educar (máis alá da función concreta de facilitar o ensino-aprendizaxe dos contidos) para formar persoas cunha autonomía e madurez educativa e vocacional que as axude a integrar experiencias, aprendizaxes e tomar decisións de maneira libre e responsable.

V. OBXECTIVOS

1. OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

- 1.1 Potenciar un ensino activo no que o alumnado se sinta axente da súa propia aprendizaxe.
- 1.2 Fomentar o traballo en equipo para desenvolver os valores de cooperación e solidariedade.
- 1.3 Fomentar o hábito de observación e análise para desenvolver a capacidade crítica.
- 1.4 Potenciar a autoestima como medio para asegurar o axeitado desenvolvemento das capacidades persoais.
- 1.5 Promover a adquisición de destrezas e hábitos de traballo.
- 1.6 Fomentar a creatividade artística, científica e literaria.
- 1.7 Fomentar inquietudes máis alá dos contidos académicos, promovendo a lectura de prensa, libros,..., así como saídas culturais.
- 1.8 Impulsar conductas que se traduzan nunha mellor calidade de vida relativas á hixiene corporal, alimentación, exercicio físico e informar sobre os riscos do consumo de tabaco, alcohol e drogas.
- 1.9 Educar para a igualdade evitando discriminacións de todo tipo: racial, sexual,..., e impulsar a tolerancia a credos e conductas de distinta orixe cultural ou relixiosa.
- 1.10 Asegurar a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, facilitando a súa integración.
- 1.11 Potenciar o uso do galego en todos os ámbitos do noso centro.
- 1.12 Promover o coñecemento da nosa cultura, valorándoa como parte da propia identidade.
- 1.13 Fomentar a convivencia e o respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- 1.14 Educar sobre a importancia que teñen os diferentes aspectos medioambientais atendendo especialmente á conservación do contorno: coidado dos bens persoais e públicos, etc.
- 1.15 Potenciar unha orientación escolar e vocacional que axude ao alumnado na toma de decisións nos planos educativo e profesional.
- 1.16 Asegurar a avaliación continua como instrumento para valorar o proceso do ensino-aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS

- 2.1 Garantir a liberdade de todos os membros da comunidade educativa.
- 2.2 Facilitar que o profesorado, alumnado, nais, pais e persoal non docente manteñan unha comunicación aberta e permanente entre si.
- 2.3 Fomentar as relacións con outros centros educativos (compartindo as instalacións, medios e as actividades culturais e deportivas)
- 2.4 Facilitar intercambios e relacións con outros centros do Estado e do estranxeiro.
- 2.5 Demandar das institucións públicas a colaboración para a realización de proxectos e actividades educativas.
- 2.6 Fomentar a participación do alumnado en actividades promovidas por estas entidades.
- 2.7 Facilitar a participación do profesorado en actividades de formación e investigación pedagóxica.

VI. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

ÓRGANOS E ASOCIACIÓNS

As funcións e competencias destes órganos e asociacións veñen reguladas nas disposicións legais vixentes, fundamentalmente no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

1. ÓRGANOS

1.1.- De Goberno

a) Unipersoais

- * **Director/a:** Representa ao Instituto e dirixe e coordina as actividades do mesmo.
- * **Vicedirector/a:** Coordina as actividades complementarias e extraescolares e substitúe ao director/a na súa ausencia.
- * **Xefe/a de Estudos:** Encárgase de planificar e coordinar as actividades de carácter académico de profesorado e alumnado.
- * **Secretario/a:** Responsable da xestión administrativa e económica do Centro.

b) Colexiados:

- * **Consello Escolar:** Órgano de xestión do Centro, formado polos representantes do profesorado, alumnado, familias, persoal de Administración e servizos, e Concello. Tamén integra no seu seo a Comisión Económica.
- * **Claustro:** Órgano de participación do profesorado para planificar, coordinar, decidir e informar sobre as cuestións docentes e as actividades complementarias.

1.2.- De Coordinación Docente:

a) Unipersoais:

- * **Titor/a:** Profesor/a encargado dun grupo, que ten como función o seguimento individualizado do proceso educativo do alumnado, coordinando ao equipo docente e facilitando a cooperación coas familias.

b) Colexiados:

* Departamentos:

- **Departamento de Orientación:** Encargado de elaborar e coordinar o plano de actividades titoriais, apoiar e colaborar no axuste do proceso de ensino-aprendizaxe ás características e necesidades dos alumnos/as e deseñar e participar no plan de orientación académica e vocacional contribuíndo á toma de decisións libre e responsable por parte dos alumnos/as en cada momento educativo.
- **Departamento de actividades complementarias e extraescolares:** Encargado de coordinar as actividades complementarias propostas polo profesorado e promover e organizar as actividades extraescolares.
- **Departamentos didácticos:** Órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas ou materias.

- * **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** Órgano encargado de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares, programacións didácticas, plano de acción tutorial e de orientación educativa e profesional, asegurando a súa coherencia co PEC. Está formada por: Director/a, Xefe/a de Estudos, Xefes/as de Departamentos didácticos, Xefe/a de Orientación, Coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística, Profesorado de apoio e Xefe/a do Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

- * **Equipo de Normalización Lingüística:** Está integrado por profesorado, alumnado e persoal

non docente. É o encargado de elaborar o plano de normalización lingüística e promocionar o uso da lingua galega no seo da comunidade educativa.

- * **Equipo Docente:** Profesorado que imparte docencia a un mesmo grupo e baixo a coordinación do titor/a promove a coherencia do proceso educativo do alumnado e garante a toma de medidas correctoras oportunas.

2. ASOCIACIONES

2.1 Pais e nais do alumnado: Asisten aos pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos e fillas, colaboran nas actividades educativas do centro e promoven a participación dos pais e nais do alumnado na xestión do centro.

2.2 Alumnos e alumnas: Expresan a opinión do alumnado en todo aquilo que afecte á súa situación no centro, colaboran no labor educativo do centro e nas actividades complementarias e extraescolares, promoven a participación do alumnado nos órganos colexiados do centro e realizan actividades culturais, deportivas e de fomento da acción cooperativa e de traballo en equipo.

VII. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

1.- Normas de funcionamento:

1.1 Información e participación: Todos os membros da Comunidade Escolar (profesorado, alumnado, pais, nais e persoal non docente) participan na vida educativa a través dos órganos competentes e na xestión do centro por medio dos seus representantes no Consello Escolar.

- a) **Claustro:** Ademais do preceptivo sobre as súas competencias, debe ser informado e consultado sobre asuntos e decisións importantes para o funcionamento do centro. Tamén pode coñecer e debater os programas das candidaturas á dirección do Instituto, así como manifestar o seu grao de apoio.
- b) **Gardas:** Na ausencia dalgún profesor ou profesora, o alumnado agardará na aula ata que chegue o profesorado de garda que se fará cargo do grupo, adoptando as medidas oportunas, evitando en todo caso que o alumnado permaneza nos corredores ou no bar. O alumnado permanecerá sempre baixo o coidado do dito profesorado. Así mesmo, o profesorado de garda, manterá a orde nas outras dependencias do centro (aseos, patio, escaleira exterior,...)
- c) **Delegado/a de grupo - Xunta de delegados/as:** Cada grupo de alumnos/as elixe, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar un delegado/a e un subdelegado/a que o substituirá e o apoiará nas súas funcións.

Son funcións do delegado/a de grupo:

- 1.-Asistir e participar nas reunións da Xunta de delegados.
- 2.-Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo.
- 3.-Fomentar a convivencia entre alumnos/as do grupo.
- 4.-Colaborar cos profesores/as e co equipo directivo do Instituto para o seu bo funcionamento.
- 5.-Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do Instituto. Os delegados/as non poden ser sancionados no exercicio das súas funcións.

No Instituto existirá unha **Xunta de delegados/as do alumnado** integrada polos/as delegados/as dos distintos grupos e polos representantes do alumnado no Consello Escolar.

A Xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

É competencia do delegado/a que presida a Xunta: Convocar as reunións que se precisen, presidilas e coordinalas. Responsabilizarse de que se levanten actas das mesmas e facer chegar as propostas da Xunta aos órganos de dirección ou coordinación didáctica do centro.

Serán funcións da Xunta de Delegados/as:

- 1.- Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do PEC
- 2.- Informar aos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar dos problemas de cada grupo.
- 3.- Recibir información dos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar sobre temas tratados nel, e das organizacións estudiantís e xuvenís.
- 4.- Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou a petición deste.
- 5.- Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior.
- 6.- Informar aos alumnos/as do centro das actividades da Xunta de Delegados/as.
- 7.- Formular propostas ao xefe/a de estudos para a elaboración dos horarios e ao xefe/a do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- 8.- Debater asuntos que vaia tratar o Consello Escolar e elevar propostas de resolución aos representantes nel.

Dereitos da Xunta de Delegados/as: Cando o solicite, a Xunta, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto en asuntos como:

- 1.- Celebración de probas e exames.
- 2.- Establecemento e desenvolvemento de actividades culturais e deportivas.
- 3.- Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- 4.- Alegacións e reclamacións sobre a eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos/as.
- 5.- Proposta de sancións aos alumnos/as pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.
- 6.- Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- 7.- Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos/as.

2. Normas de Convivencia

O bo funcionamento dun centro de ensino é esencial para garantir aos seus usuarios, os alumnos e alumnas, unha formación que lles permita desenvolverse en liberdade, exercer con madurez e participación e a solidariedade, cualificarse para o seu futuro profesional e, en definitiva, converterse en cidadáns e cidadás que se integren de maneira autónoma e crítica na complexa realidade en que viven.

2.1 Respetto Mutuo:

As relacións entre os compoñentes do noso centro han de se basear no respecto, polo que se evitarán frases e acenos incorrectos.

Nas clases todo o alumnado respectará o dereito ao estudo e traballo dos seus compañeiros/as.

Así mesmo nos corredores en hora de clase e na Biblioteca, débese permanecer en absoluto silencio para tamén respectar este dereito.

Os alumnos e alumnas deben identificarse ante o profesor ou membro do persoal non docente que llelo

requira mediante a presentación do carné escolar. Así mesmo o persoal do Centro debe identificarse ante o alumnado cando non sexa coñecido.

Debe manterse o respecto en todo o recinto escolar, durante a realización de actividades complementarias e extraescolares e igualmente nas actuacións realizadas fóra do centro, motivadas ou relacionadas directamente coa vida escolar e que afecten a calquera persoa da comunidade educativa.

2.2 Estudio e horario escolar

A asistencia e puntualidade ás clases debe ser respectada tanto polo alumnado como polo profesorado. O alumnado que chegue con retraso deberá facilitar os seus datos na Conserxería. Tres retrasos considéranse como unha falta de asistencia.

A atención ás explicacións e a realización das tarefas que o profesor ou profesora indique son un dereito e un deber do alumnado, dispoñendo para iso en todo momento do material necesario.

O profesorado é responsable do alumnado durante o seu horario lectivo tendo por tanto que permanecer na aula a totalidade do tempo.

Salvo casos excepcionais o alumnado permanecerá na aula durante todo o horario, excepto no recreo.

As faltas de asistencia deben ser controladas polo profesorado e anotadas no parte diario. A desaparición do parte nun grupo pode supoñer a exclusión da súa participación en determinadas actividades extraescolares. A súa manipulación será considerada como unha falta grave. A xustificación de faltas deberá facerse no prazo de tres días lectivos a partir da incorporación a clases, ante o titor e coa documentación adecuado

En ningún caso se abandonará o Centro durante o horario escolar sen autorización dalgún membro da Dirección. Durante o recreo o alumnado non poderá permanecer nas aulas e o da ESO non poderá abandonar o recinto escolar; en todo momento o alumnado deberá seguir as instrucións do profesorado de garda.

2.3 Material:

O centro e todo o material que contén é de titularidade pública o que nos debe inducir a usalo correctamente por respecto ao resto dos cidadáns. Pero, ademais diso, será un xeito de podermos administrar mellor os nosos recursos.

As persoas responsables do deterioro e da sucidade das instalacións ou material do centro deberán reparar os danos causados e facerse cargo do custo económico da súa reparación e/ou substitución.

2.4 Cafetería e tabaco

Para facilitar a organización das actividades académicas, é, salvo situacións excepcionais, a cafetería podera ser utilizado polos alumno e alumnas soamente no recreo.

Por cuestións de hixiene non se poderá comer, beber nin mascar chicle nas aulas.

Por razóns de saúde pública e de acordo coa normativa vixente, queda terminantemente prohibido fumar no recinto escolar, así como a venda de tabaco e bebidas alcohólicas.

3. Conductas contrarias ás normas de convivencia no centro:

As correccións terán un carácter educativo e recuperador. Para decidir sobre a imposición dunha sanción teranse en conta as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno/a. Ademais, consideraranse como atenuantes o recoñecemento espontáneo da incorrección e a falta de intencionalidade.

A sanción debe contribuír, polo tanto, a mellorar o proceso educativo do alumnado procurando que este comprenda cales deben ser os límites da súa conducta, que recapacite sobre a súa actuación coa finalidade, se procede, de desculparse e de facerse responsable dos seus actos.

Toda conducta contraria ás normas de convivencia será considerada falta leve. Considéranse como tales:

- a.- Comportamento inadecuado e reiterado dentro da aula; non atender ao profesor/a, distraer aos compañeiros/as, non traer o material didáctico para a clase, etc.
- b.- Comportamento incorrecto fóra da aula: fumar, ensuciar os corredores, alborotar, etc.
- c.- Insultos leves ou linguaxe ofensiva contra os demais membros da comunidade escolar que se produzan dentro do centro educativo, en actividades extraescolares e complementarias, e incluso fóra do centro, motivadas ou relacionadas coa vida escolar.
- d.- Causar desperfectos leves na aula ou no centro.
- e.- Acumulación de faltas e retrasos inxustificables.

As conductas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán ser corrixiadas con:

- a.- Amoestación privada ou por escrito.
- b.- Comparecencia inmediata ante o xefe/a de estudos.
- c.- Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- d.- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e.- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- f.- Cambio de grupo do alumno/a por un prazo máximo dunha semana.
- g.- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h.- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

As **faltas inxustificadas**, computadas globalmente, serán obxecto das seguintes correccións:

- a) Sete unidades lectivas: amoestación por escrito.
- b) Catorce unidades lectivas: amoestación por escrito e realización dalgunha tarefa no centro fóra do horario lectivo.
- c) Vinteunha unidades lectivas: amoestación por escrito con comparecencia dos pais ou titores e suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares.

As faltas reiteradas de asistencia a unha materia provocará a perda do dereito á avaliación continua. O/a profesor/a da materia tomará a decisión, previa notificación do/a titor/a aos pais, cando o número de faltas sexa catro veces o número de horas semanais da materia e suporá a realización dunha única proba ao final da avaliación. Se o/a alumno/a reincide deberá presentarse a unha proba final.

En caso de convocatoria de falta de asistencia colectiva esta deberá ser clara e publica e deberase presentar ante a xunta de delegados/as para que estes dean a mellor información posible nos seus grupos.

Todas as decisións do alumnado deberán ser coñecidas pola dirección a través dos delegados/as o día anterior a proposta. En caso contrario, o profesorado podería considerar impartida a materia prevista. O alumnado da E.S.O permanecerá en todo momento no centro.

Serán competentes para decidir as correccións descritas:

- a.- Os profesores do alumno/a, oído este, as correccións que se establecen nas letras a) e b) dando conta ao titor/a e ao xefe/a de estudos.
- b.- O titor/a do alumno/a, oído o mesmo, as correccións que se establecen nas letras a), b), c) e d)
- c.- O xefe/a de estudos e o director/a, oído o alumno/a, e o seu profesor/a titor/a, as correccións

previstas nas letras b), c), d) e f).

- d.- O Consello Escolar, oído o alumno/a, as establecidas nas letras g) e h); agora ben, poderá delegar no Director/a do centro a decisión correspondente a tales correccións. O Director/a, oído o titor e o equipo directivo, tomará a decisión tras oír ao alumno/a e, se é menor de idade, aos seus pais ou representantes legais. O director/a aplicará a corrección prevista na letra h) sempre que a conducta do alumno/a dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas.

4.- Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

Toda conducta gravemente prexudicial para a convivencia do centro será conceptuada como falta grave. Considéranse como tales:

- a.- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b.- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de faltas leves.
- c.- A agresión física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d.- A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou substracción de documentos académicos.
- e.- Causar por uso indebido ou intencionadamente danos graves nos locais, material ou documentos do Centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- f.- A substracción de material ou de obxectos que pertencen ao Centro ou a outros membros da comunidade educativa.
- g.- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- h.- As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
- i.- O incumprimento das sancións impostas.

Estas conductas poderán corrixirse con:

- a.- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou a reparar os danos causados ás instalacións, ao material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- b.- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro.
- c.- Cambio de grupo.
- d.- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de tempo superior a cinco días e inferior a dúas semanas realizando os deberes ou traballos que se determinen.
- e.- Suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes realizando durante o tempo de suspensión os deberes ou traballos que se determinen.
- f.- Cambio de centro.

Expediente disciplinario:

Para a corrección das conductas que prexudican gravemente á convivencia no centro é necesaria a instrución dun expediente disciplinario o cal debe seguir o procedemento seguinte:

- Iniciación do expediente a proposta do Director ou Consello Escolar.
- Nomeamento dun xuíz instructor entre o profesorado e comunicación ao alumno/a e á súa familia.
- Posible recusación do instructor.
- Instrución no prazo de sete días de cantas actuacións poidan contribuír ao esclarecemento dos

feitos.

- Notificación ao alumno/a e familia do prego de cargos con todos os feitos imputados e coa indicación do prazo do que dispoñen para facer alegacións.
- Vista e audiencia do expediente ao alumno/a e á súa familia para amosarlles toda a actuación e que aleguen o que consideren conveniente.
- Formulación da proposta de resolución cos feitos imputados, a cualificación destes e a proposta de resolución (sobreseimento ou sanción).
- Notificación da proposta de resolución ao alumno/a e familia cun prazo para que aleguen o que consideren na súa defensa.
- Resolución do Consello Escolar que comprobará a corrección de todo o proceso e ratificará ou modificará a proposta de resolución do xuíz instructor. Esta resolución comunicárase ao alumno/a e familia coa información de que poderán interpoñer recurso ante o Delegado de Educación.

Aprobado polo Claustro na reunión do día 24 de setembro de 1999 e polo Consello Escolar na reunión do día 27 de setembro de 1999. Inclúe as modificacións aprobadas polo Claustro en reunións de 16 de xaneiro e 6 de maio de 2002, e Consello Escolar en reunión de >>>26 de xuño de 2002).